





INTRODUCCIÓN Á TECTÓNICA DE PLACAS

A Teoría de **Deriva continental** (Alfred Wegener) supuxo un punto de inflexión no estudo da dinámica do noso planeta. O seu rexeitamento non impediu avanzar na comprensión dos fenómenos xeolóxicos internos. Así, a teoría das **correntes de convección** (Arthur Holmes. 1945), a **cartografía do fondo oceánico** (Marie Therp. 1954) co descubrimento das **Dorsais** e, finalmente, a hipótese da **expansión do fondo oceánico** (Harry Hess.1962) permitiu o desenvolvemento da teoría que, actualmente, é capaz de explicar a dinámica do noso planeta e todos os seus fenómenos asociados (movemento da litosfera, vulcanismo, sismicidade ou formación de cadeas montañosas). Esta teoría é a **TEORÍA DA TECTÓNICA DE PLACAS**,

Con esta actividade de introdución vas comprobar como gran parte da actividade xeolóxica do noso planeta está asociada á tectónica de placas.

- 1 **Localiza, no mapa adxunto, as placas tectónicas que se indican.**
*Coloréanas.
- 2 **Marca sobre o mapa baleiro os volcáns que se enumeran no documento**
- 3 **Repite o paso anterior para terremotos, oróxenos, fosas e dorsais.**
- 4 **Cando remates, superpón a láminas sobre o mapa das placas tectónicas. Que observas?, Que conclusión sacas do resultado obtido?**





Enumera cada placa (P.) e localízaa no mapa

- | | | | | | |
|--|---|--|---------------------------------------|---------------------------------------|------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> P. PACÍFICA | <input type="checkbox"/> P. DEL CARIBE | <input type="checkbox"/> P. SUDAMERICANA | <input type="checkbox"/> P. FILIPINA | <input type="checkbox"/> P. DE SCOTIA | <input type="checkbox"/> P. SOMALÍ |
| <input type="checkbox"/> P. EUROASIÁTICA | <input type="checkbox"/> P. AUSTRALIANA | <input type="checkbox"/> P. NORTEAMERICANA | <input type="checkbox"/> P. ANTÁRTICA | <input type="checkbox"/> P. DE COCOS | |
| <input type="checkbox"/> P. AFRICANA | <input type="checkbox"/> P. ARÁBICA | <input type="checkbox"/> P. JUAN DE FUCA | <input type="checkbox"/> P. INDIA | <input type="checkbox"/> P. DE NAZCA | |




- ▲ VOLCÁNS
- SISMOS
- ♣ ORÓXENOS


EVIDENCIAS DA ACTIVIDADE XEOLÓXICA ASOCIADA ÁS PLACAS TECTÓNICAS

Nesta actividade vas comprobar a **relación existente entre a actividade xeolóxica do planeta e a tectónica de placas**. Para iso segue as instrucións que se detallan a continuación
Sobre o mapa mundi adxunto debes localizar unha serie de elementos xeográficos.

1. VOLCÁNS

Localiza, de forma aproximada, os volcáns que se enumeran a continuación. Sinala cada volcán sobre a lámina co símbolo  e o seu número correspondente


1. Monte Santa Helena (Estado de Washington, USA)
2. Mauna Loa (Hawaii)
3. Popocatépetl, Parícutín (México)
4. Mont Pelée (Martinica)
5. Teide, Teneguía, (Canarias)
6. Hekla (Islandia)
7. Vesubio, Etna, Santorini (Italia)
8. Kilimanjaro (Tanzania)
9. Krakatoa (Sumatra-Java)
10. Fujiyama (Japón)
11. Pinatubo, Taal (Filipinas)
12. Aconcagua (Argentina)
13. Katmai (Alaska)
14. Fuego (Guatemala).



2. TERREMOTOS

Sitúa na lámina, de forma aproximada, os principais sismos que tiveron lugar no noso planeta ao longo da historia. Signala cada sismo sobre a lámina cun **punto vermello** e o seu **número** correspondente


1. **Alto Egipto (1201):** 1.100.000 mortos (o máis trágico da historia)
2. **Lisboa (Portugal):** ano 1755, 99.000 mortos (o máis destructivo da Península)
3. **San Francisco:** ano 1906. Magnitude 7,9 . 3.000 mortos (destruiu a cidade)
4. **Tokio (Xapón):** ano 1923. Magnitude 8,3 . 100.000 mortos (destruiu a cidade)
5. **Santiago de Chile:** 1960. Magnitude 9,5. 2.000 mortos (o terremoto máis intenso da historia)
6. **Managua (Nicaragua):** ano 1972 . Magnitude 6,4. 20.000 mortos
7. **Tangshan (nordeste de China):** ano 1976. Magnitude 7,5. 655.000 mortos (o máis trágico da modernidade)
8. **El-Asnam (Argelia):** ano 1980. Magnitude 7,1. 5.000 mortos
9. **Armenia:** ano 1988. Magnitude 6,8. 25.000 mortos
10. **Teherán (Irán):** ano 1990. Magnitud 7,7. 40.000-50.000 mortos
11. **Ankara (Turquía):** 1999. Magnitude 7,7. 17.000 mortos
12. **Nueva Delhi (India):** ano 2001. Magnitude 7,7. 20.000 mortos
13. **Tsunami de Yakarta (Indonesia):** ano 2004. Magnitude 9.170.000 mortos, 100.000 desaparecidos
14. **Papúa-Nueva Guinea:** ano 2005. Magnitude 7,7
15. **Islamabad (Cachemira paquistaní):** ano 2005. Magnitude 7,6. 20.000-40.000 mortos
16. **Isla de Java:** ano 2006. Magnitude 7,7. +700 mortos
17. **L'Aquila (Italia):** ano 2009. Magnitude 6,3. 308 mortos
18. **Puerto Príncipe (Haití):** ano 2010. Magnitude 7. +316.000 mortos
19. **Oaxaca (México):** ano 2021. Magnitude 7.
20. **Marrakech-Safí (Marruecos):** ano 2023. Magnitude 6,8. 3000 vítimas.



3. ORÓXENOS

Sitúa sobre o mapa e localiza, de forma aproximada, os **oróxenos** e caeas montañosas que se enumeran a continuación. Sinala cada oróxeno sobre a lámina cunha liña de cor e o seu número correspondente.

1. Andes
2. Balcanes
3. Himalaya
4. Cáucaso
5. Rocosas
6. Alpes
7. Pirineos
8. Cárpatos
9. Atlas



4. DORSAIS E FOSAS

Sitúa sobre el mapa e localiza, de forma aproximada, as principais **dorsais e fosas oceánicas** que se enumeran a continuación. Sinala cada dorsal coa **letra D** xunto o seu número correspondente e cada fosa co a **letra F** e o seu número sobre la lámina.

FOSAS OCEÁNICAS: (F1) ALEUTIANAS, (F2) KURILES, (F3) MARIANAS, (F4) TONGA-KERMADEC, (F5) PORTO RICO, (F6) FILIPINAS, (F7) MÉXICO- CENTROAMERICANA, (F8) JAPÓN, (F9) JAVA, (F10) PERÚ-CHILE

DORSAIS OCEÁNICAS: (D0) DORSAL JUAN DE FUCA, (D1) DORSAL ANTÁRTICO-AMERICANA, (D2) DORSAL DEL PACÍFICO ORIENTAL, (D3) DORSAL DE CHILE, (D4) DORSAL GALÁPAGOS, (D5) DORSAL ESCOCESA, (D6) DORSAL ANTÁRTICO-PACÍFICA, (D7) DORSAL DEL ÍNDICO CENTRAL, (D8) DORSAL DEL ÍNDICO OCCIDENTAL, (D9) DORSAL DEL ÍNDICO ORIENTAL, (D10) DORSAL MESOATLÁNTICA

